

CLIMA LABORAL... estas son as nosas propostas

A piques de iniciarse un proceso de negociación sobre a adopción de medidas especiais para mellorar o ambiente laboral en BS, os **nove** sindicatos que integran a **Unidade de Acción Sindical** colaboraron na elaboración dun catálogo de medidas que xa presentamos á empresa.

Coincidimos na urxencia de tratar este tema, que se agravou exponencialmente nos últimos meses e que require unha rápida acción correctora da empresa ante as nosas demandas, que foron analizadas a fondo e que consideramos merecidas e adecuadas aos distintos ámbitos laborais existentes no Banco.

Detectamos que os niveis de tensión no cadro de persoal se concentran fundamentalmente arredor dos seguintes capítulos, sobre os que presentamos máis de 100 medidas cuxo desenvolvemento terá lugar ao longo do proceso de negociación que se abre nas vindeiras semanas e sobre os que vos manteremos informados.




REDUCCIÓN DA PRESIÓN COMERCIAL E DA CARGA DE TRABALLO

Dotación de persoal administrativo cualificado en vacacións, redución da presión comercial, regulación dos equipos de substitución, apertura oficinas ás 08:30h, ...




PLAN DE ACTUACIÓN URXENTE "VIOLENCIA E ACOSO DA CLIENTELA"

Carteis nas oficinas, campaña de sensibilización do persoal sobre os protocolos mellorados, maior apoio xurídico ás denuncias dos clientes por mor do noso exercicio da actividade profesional, ...



REVISIÓN DOS ASPECTOS SALARIAIS

Dietas e kilometraxe, soldo segundo a inflación, eliminación de cláusulas de absorción e compensación, regulación transparente do binomio remuneración-responsabilidade...



CONTROL EFICAZ SOBRE A PROLONGACIÓN REAL DA XORNADA

Establecer medidas automáticas que impidan o acceso ao sistema á finalización da xornada, formación obrigatoria no horario laboral, formación complementaria rexistrable e compensable, ...



CONCILIACION E TELETRABALLO EN RED E CENTROS CORPORATIVOS

Negociación coa RLT dun acordo de teletraballo con continuidade 100% voluntaria para equipos de ACO, Servicing e Back Office, flexibilizar formato de redución de xornada, ...




MODIFICAR O SISTEMA DE INCENTIVOS

Non aos rankings, non á modificación de seguimentos durante o período de xogo, fixación obxectivos por equipos de traballo, axuste de obxectivos ás horas efectivas desenvolvendo a función, ...



MELLORA DO PLAN DE CARREIRA PROFESIONAL

Actualizar acordo sobre niveis mínimos, transparencia na publicación de ofertas internas, eliminación de vetos e bloqueos nos procesos selectivos, ...



REEDUCACIÓN OU CAMBIO DE FUNCION DIRECTIVOS "TÓXICOS"

Relacionar a retribución variable co clima laboral no ámbito de responsabilidade, implicación pública da alta dirección na política de RRHH, creación da figura "Defensor do Empregado", ...



RECOÑECEMENTO DO ESFORZO DO PERSOAL

Abono dunha paga extraordinaria en compensación polo esforzo na pandemia, premio ao persoal laboral pola súa contribución aos bos resultados económicos presentes e futuros en BS,



E MOITAS MÁIS MEDIDAS...

Como a revisión do Pacto de Condicións Sociais, a mellora dos sistemas informáticos, facilitar ás peticións de traslado... que seguiremos defendendo e demandando durante as negociacións.